

CONTIDOS MÍNIMOS NA MATERIA DE LATÍN:

4º ESO:

O alumnado deberá saber os seguintes apartados:

Gramática: Sistema de declinacións e conxugacións da lingua latina.

Semántica: Historia e evolución da lingua latina. Formación de palabras.

Cultura: Vías de transmisión do mundo clásico.

Poderíamos concretar os contidos mínimos nos tres anteriores apartados;

-Gramática: Declinacións (incluíndo adxectivos e pronomes). Conxugacións :verbos regulares e irregulares, voz activa e pasiva. Tradución de textos sinxelos.

-Semántica: Vocabulario latino e o seu referente nas linguas romances. Prefixos e sufixos latinos. Latinismos. Campos semánticos. Evolucións do Latín.

-Cultura: Vida cotiá. Relixión e mitoloxía. Dereito. Sociedade. Historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Literatura latina: Épica, comedia, oratoria, lírica, epigrama, elegía.

Non se pode prescindir do coñecemento de ningún dos tres apartados, aínda que o de Gramática será o que máis peso teña (sesenta por cento). Sen os coñecementos básicos de Gramática, a materia non será superada. É preciso destacar que a avaliación será continua e sistematicamente propedéutica e, polo tanto, en cada trimestre entrará a materia dos trimestres anteriores. Os traballos realizados na clase contarán ata un 10% da nota.

1º BACHARELATO:

Neste curso deberáse controlar:

-Gramática: Morfoloxía e Sintaxe latinas. Concretamente: Declinacións, conxugacións (verbos regulares e irregulares en voz activa e pasiva). A profundidade será maior que no curso precedente.

- Semántica: Vocabulario latino, galego e castelán. Será obrigatorio o estudo dun vocabulario latino básico.

- Tradución: Os textos que deberemos traducir serán sinxelos, pero dunha complexidade maior que na ESO. O inicio da tradución será propedéutico para o curso último de Bacharelato. Non se utilizará regularmente o dicionario.

- Cultura: O Indoeuropeo, o latín e as linguas romances. A Historia de Roma. Institucións e costumes na Roma antiga.

Non se pode prescindir do coñecemento de ningún dos apartados, aínda que a Gramática e a Tradución serán os máis importantes (sesenta por cento).

Utilizaremos como libro de texto o mesmo que o de 4º pero ampliando e profundizando contidos. Coma no curso anterior, o traballo realizado na clase suporá un 10% da nota.

2º BACHARELATO:

O alumnado deberá saber:

-**Gramática:** Morfoloxía e Sintaxe latinas estudadas coa suficiente complexidade como para traducir autores orixinais.

- **Semántica:** Vocabulario latino, galego e castelán , con especial referencia aos autores traducidos.

- **Tradución** con e sen dicionario de textos orixinais. Os autores latinos serán os que dictamine o Grupo de Traballo das ABAU. Estes últimos anos foron Eutropio e Fedro; pero non se descartan autores como César, Cicerón, Virxilio ou Ovidio.

- **Cultura:** Nocións básicas de Literatura, con especial atención aos temas indicados no Grupo de Traballo. Institucións, historia, vida e costumes da antiga Roma. Toponimia. Estudo de locucións latinas de uso actual. Evolucións semánticas do Latín ás linguas romances.

- **Lectura obligatoria** dunha obra de literatura clásica dictaminada polo Grupo de Traballo das ABAU.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguiránse os criterios anteriormente establecidos na programación, sempre seguindo a esixencia dos contidos mínimos pertinentes.

A avaliación será continua, dividida en tres períodos, e comprenderán como mínimo dúas probas acordadas polos alumnos e a profesora (se non hai acordo seguiránse as directrices da profesora). En todos os cursos terásese en conta o traballo diario, a actitude, a consecución de competencias e a presentación coidada e sen faltas de ortografía , ademais da riqueza de expresión (dez por cento).

As probas de lingua serán determinantes da nota nun cincuenta por cento, e o resto das probas relacionadas con cultura, historia, literatura, etimoloxía, etc. Serán o outro corenta por cento. En cada unha das partes deberá obterse un mínimo de cinco para poder realizarse a nota media.

En suma: a avaliación será continua, dividida en tres períodos, e comprenderán probas que avaliarán gramática, léxico, cultura e comprensión de textos. En todos os cursos terás en conta o traballo diario, a actitude, a consecución de competencias e a presentación coidada e sen faltas de ortografía, ademais da riqueza de expresión. A nota mínima esixida será de cinco sobre dez. Realizaranse probas de recuperación finais nas que se incluírá toda a materia da programación. Estas probas de recuperación faranse asimismo en setembro e será obrigatorio acadar unha calificación mínima de cinco.

No caso de constatare o fraude nunha proba a cualificación será de cero (no caso de Bacharelato) e de un (no caso de cuarto) dado que o cero non é avaliable na Educación Secundaria Obrigatoria.